

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO

INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 2047/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 4.03.2026 Dna. [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública respecto ao contrato de mantemento de aparellos elevadores na Biblioteca Juan Compañel: empresa adxudicataria, data da sinatura, prórrogas e ampliacións de contrato se as houbera., Ademais, informes ou calquera outro documento, que acrediten que ditos aparellos elevadores cumpren coa normativa vixente en materia de seguridade industrial”

En data 04.03.2026 solicitouse informe ao servizo xestor que foi emitido en data 11.03.2026.


LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 12:58	Páxina 1 de 7
2047-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.


Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/04/2026 12:58

Páxina 2 de 7

2047-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

A solicitante interesa información sobre o contrato de mantemento de aparellos elevadores na Biblioteca Juan Compañel e inspeccións periódicas!

O artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar *"de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública"*. E respecto os contratos a letra a) do artigo 8.1 da LTAIBG prevé que as administracións *"deberán facer pública, como mínimo", "a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación"*, especificándose na materia que agora interesa o seguinte:

"a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público"

Así mesmo o artigo 63 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público determina que os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e documentos relativos á súa actividade contractual ao obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos. Concretamente, o paragrafo 3 de dito artigo sinala " No caso da información relativa aos contratos, deberá publicarse polo menos a seguinte información:

a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que haxan de rexeitar o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/04/2026 12:58

Páxina 3 de 7

2047-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento basee de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

(...)”

Neste senso, segundo informe do servizo de Cultura” Con data 13 de abril de 2021, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu no **expte 3166/330** o seguinte:

“Adxudicar á empresa **GENERAL ELEVADORES XXI SL, CIF B02663250**, o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos elevadores e portas corredeiras automáticas nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura, **por un prezo total de 5.982,24 €** (cinco mil novecentos oitenta e dous euros con vinte catro céntimos), sendo a cota correspondente ao IVE de 1.038,24 €.


Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 19 de febreiro de 2021 e da oferta presentada.

O contrato contemplaba un prazo de execución de dous anos, dende a súa sinatura o 19 de abril de 2021, e a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

O expediente de licitación figura na plataforma de contratación do sector público na seguinte ligazón:

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/buscadores/detalle!/ut/p/z1/IzLLcoIwFIafpQuWTY6gaLtDQC7iQLGgZONEiZgOtwFqOz59U-x0pp2q0-zO5cv5k_NjgteYIPTIM9rxqqQ5TnBCxhstNp8050EBKwxMkKfhWB3OfBECjgr6zgt-YileYoLJrioQ3xZoT3esRXXVdDnrUOyYK8fAiQQvbS1Bw2jLs6CpdhJoacFLzdfD71xwhrS6jjl7Q4IQshKiboamr-szW4bJjUFA9owoUu3PUMarvuGSTpAxEWW4cDT44keKPozdOFCXjgXg2DPDiwYjsGS1569cf-avDLjJk77lmoJbbyDXhwb2McnayaivWKv5TK7fKJMOKYXvWsAa9NiJ96Lq6fZRAgpalDAkjVKhqMgn-Ig5V2-H1j8bffvGnoViUGyyeA0seAKj_MEnKOprnTIIF5aVxDnoz1IV7PM3nnhraJ4-t7mmi3X0A56Ztkg!!/#Z7_AVEQAI930GRPE02BR764FO30G0

2.- PRÓRROGAS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 12:58	Páxina 4 de 7
2047-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Segundo o estipulado no contrato, procedeuse á aprobación de tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas, segundo o seguinte:

- * O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 25 de xaneiro de 2023 (expte 4719/330), acordar a primeira prórroga do contrato, para o período do 19 de abril de 2023 ao 18 de abril de 2024.
- * A Xunta de Goberno Local, con data 15 de decembro de 2024, acordou a segunda prórroga do contrato, polo período dun ano, do 19 de abril de 2024 ao 18 de abril de 2025 (expte 5212/330).
- * A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu con data 4 de febreiro de 2025 (expte 5916/330), acordar a terceira e derradeira prórroga do contrato, para o período do 19 de abril de 2025 ao 18 de abril de 2026.

3.- INSPECCIÓNS TÉCNICAS OBRIGATORIAS (OCAS)


Os elevadores sitos na Biblioteca Pública Juan Compañel (R/ Joaquín Yáñez, 6), cos números RAE 36007612 e RAE36007163, teñen realizada a inspección técnica obrigatoria legalmente establecidas, con informes favorables sen defectos de data 19 de decembro do 2025, emitidos pola empresa OCA GLOBAL INSPECCIONES REGLAMENTARIAS, S. A.U. ORGANISMO DE CONTROL, acreditado por ENAC con acreditación núm. 07/EI005 (acompañanse xunto ao presente informe). A inspección é válida até o 27 de xuño do 2027"

E por isto que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG polo que procede facilitar a información mediante o acceso ao enlace á plataforma de contratación do sector público e remisión a interesada dos informes favorables sen defectos de data 19 de decembro do 2025, emitidos pola empresa OCA GLOBAL INSPECCIONES REGLAMENTARIAS, S. A.U. ORGANISMO DE CONTROL, acreditado por ENAC con acreditación núm. 07/EI005.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a persoa titular da concellería de Área de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 12:58	Páxina 5 de 7
2047-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por Dna. [REDACTED] e facilitar a información contractual mediante ao seguinte enlace a plataforma de contratación do sector público na seguinte ligazón:

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/buscadores/detalle/!ut/p/z1/IzLLcoIwFIafpQuWTY6gaLtDQC7iQLGgZONEiZgOtwFqOz59U-x0pp2q0-zO5cv5k_NjgteYlPTIM9rxqqQ5TnBCxhstNp8050EBKwxMkKfhwB3OfBECjgr6zgt-YileYoLJrioQ3xZoT3esRXXVdDnrUOyYK8fAiQQvbS1Bw2jLs6CpdhJoacFLzdfD71xwhrS6jjl7Q4IQshKiboamr-szW4bJUjFA9owoUu3PUMarvuGSTpAxEWW4cDT44keKPozdOFCXjgXg2DPDiwYjsGS1569cf-avDLjJk77lmoJbbyDXhwb2McnayaivWKv5TK7fKJMokYXvWsAa9NiJ96Lq6fZRAgpalDAkjVKhqMgn-Ig5V2-H1j8bffvGnoViUGyyeA0seAKj_MEnKOprnTIIF5aVxDnoz1IV7PM3nnhraJ4-t7mmi3X0A56Ztkg!/#Z7_AVEQAI930GRPE02BR764FO30G0

E ne materia de inspeccións técnicas remitir os informes favorables sen defectos de data 19 de decembro do 2025, emitidos pola empresa OCA GLOBAL INSPECCIONES REGLAMENTARIAS, S. A.U. ORGANISMO DE CONTROL, acreditado por ENAC con acreditación núm. 07/EI005.

SEGUNDO.- Notificar ao solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 12:58	Páxina 6 de 7
2047-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO




A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 12:58	Páxina 7 de 7
2047-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		